

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	TUI
<b>Edificio</b>	Catedral de Santa María
<b>Dirección</b>	
<b>Localización</b>	Sala de campás
<b>Nombre</b>	<b>Campá (2)</b>
<b>Medidas (cm)</b>	Diámetro (en cm) 42   Bordo 5   Altura do bronce 37   Peso aproximado (en quilogramos)43 kg
<b>Fundidor</b>	
<b>Ano de fundición</b>	1813
<b>Descrición</b>	<p>A campá ten unha variante pouco habitual do texto común da maioría das campás galegas. Di "# IHS # MARIA # ?NODE I8I3 # " cando o normal é pór IHS MARIA JOSE. É o mesmo texto, con pequenas variantes formais, da outra campá pequena, así como o mesmo ano, o que indicaría un autor común.</p> <p>O anagrama de Jesús, que deberon escribir "IH?", corresponde á abreviatura de IH?U?, e escríbese usualmente como IHS. Outra variante JHS procedería do latín, aínda que a segunda letra é o Eta ou E longa grega. Foi introducido como devoción por San Bernardino de Siena (ver <a href="#">San Bernardino de Siena y el Anagrama de Jesús</a>). O seu significado é polivalente: para uns é o inicio do nome de Jesús en grego, para outros son as siglas latinas de IESVS HOMO SALVATOR (JESÚS SALVADOR DO HOME). Non hai outra mención nin nome de autor, excepto o ano, que deberon escribir ANNO en latín ou AÑO en español.</p> <p>A campá ten unha cruz con pedestal á parte de dentro.</p>
<b>Fotos</b>	11
<b>Toques</b>	<p>Repique rápido manual, en combinación coa outra campá pequena.</p> <p>Repique electromecánico, moito máis lento debido ás limitacións do mecanismo.</p>
<b>Conservación, mantemento</b>	<p>Colga dunha viga de ferro, común coa outra campá pequena, o que modifica e agudiza a sonoridad de ambas.</p> <p>Moitos defectos de fundición, que non afectan ao son.</p> <p>Difícil de documentar na súa totalidade por estar moi próxima ao muro lateral.</p> <p>Electromazo pega no seu punto.</p> <p>Repique circular do badalo.</p> <p>Campá mal orientada (cruz cara a dentro).</p>
<b>Protección</b>	Protección xenérica ao atoparse nun BIC declarado. No entanto debería incoarse expediente de inclusión da campá no Inventario Xeral de Bens Mobles, debido ao interese do conxunto.

<b>Propostas</b>	<p>A campá debe ser limpadoa, por dentro e por fóra, para recuperar a sonoridad orixinal. O cepo de madeira debe ser repostado, é dicir unha viga de madeira convenientemente calculada e protexida, que ille a campá de toda a estrutura metálica que a rodea e que modifica radicalmente a súa sonoridad.</p> <p>A campá debe repicar. Sería conveniente que o mecanismo tirase do propio badalo, mediante unha instalación electromecánica ou hidráulica, que permitise unha gran velocidade de resposta, para reproducir os toques orixinais e non impedir os posibles toques manuais.</p>
<b>Autors da documentación</b>	ÁLVARO MUÑOZ, Mari Carmen; LLOP i BAYO, Francesc
<b>Data</b>	11-09-2006

Folla completa da campá: [Campá \(2\) Catedral de Santa María - TUI](#)

PDF (20-06-2026)